

**XII CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE  
COÑECIMENTO DA REALIDADE (PCR) en  
PROGRAMAS DE COOPERACIÓN PARA O  
DESENVOLVEMENTO**

**2018**

**Oficina de Cooperación e Voluntariado**

Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación  
Universidade da Coruña

## 1. INTRODUCIÓN

Os proxectos de coñecemento da realidade (PCR) son unha iniciativa en que o alumnado da Universidade da Coruña ten a posibilidade de se desprazar a un país en vías de desenvolvemento para realizar unha estadía de cooperación e que o traballo que desenvolva sexa validado con proxectos de fin de carreira, prácticas de materias ou traballos obligatorios de fin de carreira. Ademais disto, a realización dun PCR constitúese como unha importante ferramenta de sensibilización sobre a temática, tanto para o propio alumnado beneficiario, como para a sociedade en xeral, xa que, á volta da estadía, se realizan charlas para dar a coñecer a experiencia.

A **Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña** abre a convocatoria a todo o estudiantado desta universidade que estea interesado en participar en programas de accións de coñecemento da realidade. Mediante este programa procúrase un proceso de reflexión desde unha vertente práctica, para implicar as persoas participantes nas liñas de traballo en cooperación para o desenvolvemento en diferentes países do sur e no traballo que se leva a cabo desde Galicia, fundamentalmente de sensibilización.

## 2. OBXECTIVO DA CONVOCATORIA

O obxectivo desta convocatoria é seleccionar estudiantes de estudios propios da UDC, de nivel de grao, mestrado e doutoramento da UDC para participar nun proxecto de coñecemento da realidade e levar a cabo un traballo de investigación e/ou acción-participación, que conte co apoio dunha ONGD, universidade ou calquera outro axente da cooperación que estea a desenvolver un proxecto de cooperación nun país en desenvolvemento e que teña a súa correspondente contraparte ou socio local.

Os eidos de actuación dos PCR poderán ter un carácter específicamente técnico (proxectos de saneamento, hidráulica, construcción e rehabilitación etc.) ou calquera outro (educación, desenvolvemento comunitario, empoderamento da muller, capacitación de técnicos locais etc.) En calquera caso, **é preciso contar co apoio do profesorado** da UDC para **validar curricularmente** (**proxecto de fin de carreira, traballo obligatorio de materia, practicum, tese de doutoramento**) o traballo desenvolvido durante a estadía.



### 3. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Todas as persoas solicitantes deberán cumplir os seguintes requisitos:

1. Estar matriculado en modalidade presencial e ao corrente do pagamento no curso 2017/2018 en calquera das titulacións oficiais que se imparten nos centros propios da Universidade da Coruña no curso académico 2017/2018.
2. Os PCR deberán manter a condición de estudiantes dalgunha das titulacións oficiais de grao ou posgrao que se imparten na Universidade da Coruña durante todo o curso 2017/2018.
3. Solicitar o PCR a través das canles habilitadas para o efecto e nos modelos habilitados para tal fin, presentando os anexos requeridos (segundo os anexos que figuran ao final desta convocatoria) que inclúa a carta de presentación asinada pola ONGD/universidade de destino. Será responsabilidade do/a solicitante establecer o contacto co centro de destino para acordar as datas de visita e as actividades a realizar.

### 4. DURACIÓN E REQUISITOS DA ESTADÍA

Os PCR que se leven a cabo terán unha duración mínima **de 30 días e máxima de 90 días**. O comezo deste proxecto terá que ter lugar desde a publicación desta convocatoria e até o **día 2 de novembro de 2018**, sen superar nunca o período máximo establecido.

### 5. CONDICIÓN ECONÓMICA E IMPORTE DAS AXUDAS

1. A contía total desta X convocatoria é de 22 000 euros, que se tramitarán con cargo á partida orzamentaria 08000806 422D 48001 denominada «Axudas para a cooperación e desenvolvemento (OCV)», sen prexuízo de que esta cantidade inicial poida incrementarse segundo a dispoñibilidade orzamentaria. En función da calidade dos PCR presentados, as axudas poderán concederse a unha, a varias ou a ningunha das candidaturas presentadas. As axudas consistirán no seguinte:
  - a viaxe á cidade/país de destino e o regreso a España,
  - o seguro da viaxe (con cobertura de accidentes, enfermidade e responsabilidade civil, que, como mínimo, teña unha cobertura para enfermidade de 30.000 €), e
  - unha achega aos gastos derivados da manutención no país de destino.



2. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.
3. O aloxamento, a parte correspondente da manutención non cuberta pola bolsa e os desprazamentos internos ás diferentes comunidades onde se estea a desenvolver o proxecto, correrán a cargo da ONGD que ampara o alumnado, da súa contraparte local ou do propio alumnado.
4. A estadía do alumnado poderase conceder con ou sen axudas de custo.

## 6. PAGAMENTO E DEVOLUCIÓN DAS AXUDAS

1. O aboamento da contía farase da seguinte forma:
  - Achegarase o 80 % da cantidad asignada no momento da resolución da convocatoria, a que se lle aplicarán, de ser o caso, as retencíons correspondentes.
  - Finalizada a viaxe, solicitarase a memoria final do proxecto, momento en que se fará entrega do 20 % da axuda restante, a que se lle aplicarán, de ser o caso, as retencíons correspondentes. Con anterioridade ao inicio da tramitación do pagamento, o/a alumno/a, deberá entregar a factura xustificativa da axencia de viaxes correspondente.
2. O incumprimento total ou parcial do que establece a presente convocatoria dará lugar, logo do oportuno expediente de incumprimento, á cancelación da axuda e ao reintegro do percibido. Igualmente, no suposto recollido no punto 3, do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora que corresponder.
3. O incumprimento da obriga de xustificación da subvención nos termos establecidos ou da súa xustificación insuficiente, levará aparellado o reintegro nas condicións previstas no devandito artigo 33 da Lei 9/2007.
4. As circunstancias de forza maior (enfermidade, baixa, falecemento dun familiar de 1.<sup>º</sup> ou 2.<sup>º</sup> grao, alteracións da orde no país de destino etc.) non se consideran como causa que xustifique non reintegrar o importe total da subvención asignada en caso de que non se realice a estadía. Nestes supostos, dentro dos prazos xerais e demais normas incluídas na presente convocatoria, poderase pospoñer a estadía,



sempre de acordo coa institución de destino e sempre que se lle notifique o cambio á OCV.

## 7. CRITERIOS DE SELECCIÓN

### A) Criterios de selección

As propostas de resolución e a conseguinte resolución estarán suxeitas aos seguintes criterios de selección, que terán que estar **debidamente documentados** a través da entrega da **fotocopia** do certificado correspondente:

- **Expediente académico (máx. 3 puntos)** (as notas medias procedentes de ensinanzas técnicas multiplicaranse polo coeficiente 1,17).
- **Formación complementaria en cooperación ao desenvolvemento e en voluntariado social (máx. 4 puntos).**
  - Cursos presenciais de até 10 horas: 0,02 puntos por hora
  - Cursos presenciais de entre 11-20 horas: 0,05 puntos por hora
  - Cursos presenciais a partir de 21 horas: 0,1 puntos por hora
  - Cursos non presenciais: 0,01 puntos por hora cun máximo de 0,4 por curso.
- **Experiencia en voluntariado na OCV (máx. 3 puntos):** 0,2 por mes realizado ou 0,02 por hora de voluntariado.
- **Experiencia en voluntariado europeo, campos de traballo, actividades de voluntariado ou actividades de cooperación en ONGD (máx. 3 puntos):** 0,1 por mes realizado ou 0,01 por hora.
- **Entrevista persoal (máx. 5 puntos)**
- **Recoñecemento curricular da estadía a través da carta do/a profesor/a (máx. 3 puntos)**
- **Pertinencia do proxecto en relación coa súa valoración académica (máx. 4 puntos)**
- **Priorizaranse as candidaturas adheridas a proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento nos que participe directamente a UDC e que conten con financiamento público. (máx. 5 puntos).**

### B) Requisitos

1. Que o traballo que desenvolva a persoa solicitante no proxecto de cooperación ao desenvolvemento e estea enmarcado curricularmente.
2. Que o proxecto en que participe a persoa solicitante teña unha repercusión práctica, available e cuantificable en termos de desenvolvemento dos seus destinatarios.



3. Que o obxectivo do proxecto en que participe a persoa solicitante estea dirixido a satisfacer directa ou indirectamente necesidades sociais básicas das poboacións desfavorecidas dos países en desenvolvemento.
4. Que tanto o proxecto como a persoa solicitante e o responsable socio ou contraparte local carezan de ánimo de lucro.
5. Que o proxecto conte cun socio ou contraparte no lugar da súa execución, que poderá ser tanto unha persoa física como xurídica, e que represente lexitimamente os intereses das persoas beneficiarias. Valorarase especialmente a participación como contrapartes de universidades ou doutras institucións de investigación ou de ensino superior, aínda que tamén será posible a intervención como socias no país de destino de organizacións non gobernamentais, fundacións ou outras organizacións, sempre que carezan de ánimo de lucro.

C) Criterios de exclusión ou renuncia

1. Só se admitirá unha candidatura por persoa.
2. As persoas interesadas deberá comunicar a súa renuncia á Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña. Tales renuncias poderán ser substituídas polas candidaturas incluídas na listaxe de reserva. No caso de que as axudas non poidan ser cubertas nin polos titulares nin polas reservas, a Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña resérvase o dereito de declarar deserta a convocatoria.

## 8. SOLICITUDE E RESOLUCIÓN E DATAS DE PRESENTACIÓN DAS AXUDAS

A) Prazo e modo de presentación da solicitude

A solicitude presentarase no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares da Coruña (Local nº 1 (baixos) da Facultade de Ciencias no Campus da Zapateira) ou de Ferrol (Edificio de Usos Administrativos, Campus de Esteiro) en horario das 9:00 ás 14:00 h. A data límite para a entregar será o 21 de marzo de 2018.

Tamén se poderá enviar a documentación a través de calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou norma que o substitúa. No caso de que a persoa solicitante utilice un rexistro diferente ao da propia UDC, deberá informar á comisión a través do correo electrónico [ocv@udc.gal](mailto:ocv@udc.gal) que foi realizado este trámite.



A solicitude de participación na convocatoria formalizarase nos ANEXO I (solicitud do alumnado), ANEXO II (currículo do alumno/a), ANEXO III (formulario do proxecto), ANEXO IV (carta de presentación da ONG/Universidade) e ANEXO V (datos da ONGD/Universidade). **A presentación da solicitud nun modelo distinto do establecido para a convocatoria, a manipulación dos documentos de formulación normalizados ou o emprego dun documento que non sexa o adaptado á presente convocatoria, conducirá á exclusión e non avaliación da solicitud.**

B) Documentación que debe achegarse ao impreso de solicitude

A solicitude acompañarase dos seguintes documentos:

- Datos persoais. **ANEXO I** cuberto
- Fotocopia do **DNI**
- Breve **currículo** da persoa solicitante. **ANEXO II**
- Acreditación de ser alumna/o de estudos propios da UDC (resgado da matrícula)
- Extracto do expediente académico da UDC, **onde figure a nota media**. En caso de que non figure a nota media da titulación actual (por estar nun curso inicial), deberá presentarse o expediente académico da titulación anterior.
- Resumo do **proxecto que se vai desenvolver** no país seleccionado, cos obxectivos, actividades e o cronograma detallado do PCR en que se vai participar. **ANEXO III**
- Achegarase o **orzamento** da viaxe á cidade/país de destino, o máis estimativo posible.
- Achegarase o **orzamento e a cobertura** do seguro da viaxe (enfermidade e accidentes).
- Será **obrigatoria** a inclusión dunha **carta dun/dunha profesor/a** da UDC, en que se reflecta o interese formativo do PCR, en que constarán as indicacións do recoñecemento curricular que poidan supoñer para o/a estudiante (prácticas de materias, proxecto fin de carreira, traballo de materias, tese, etc.)
- **Carta de presentación** asinada pola ONGD ou universidade, en que expresará **claramente** o seu interese en que o alumnado realice o PCR, así como o seu compromiso **claro** de facerse cargo do aloxamento, manutención e desprazamentos internos no país se así o determina. **ANEXO IV**
- **Datos da ONGD** e da súa contraparte local. **ANEXO V**.

C) Prazos de resolución e adxudicación das axudas.

Nun máximo de 20 días desde a fin do prazo de presentación das candidaturas, a vicerreitora de Internacionalización e Cooperación publicará a correspondente



resolución. Nela indicarase a identidade da persoa ou das persoas beneficiarias e das candidaturas incluídas na listaxe de reserva.

As concesións comunicárselles por correo electrónico directamente ás persoas interesadas. Asemade, publicaranse as resolucións de concesións en: <http://www.udc.gal/ocv/cooperacion/convocatorias/index.html>

Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de alzada ante o reitor no prazo dun mes, que conta a partir do día seguinte ao da publicación da resolución na páxina web da UDC.

## 9. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A comisión encargada da valoración das solicitudes estará formada por:

- Pilar García de la Torre, vicerreitora de Internacionalización e Cooperación
- José Jesús Cendán Verdes, director da Oficina de Cooperación e Voluntariado
- Lorena Rilo Pérez, técnica da Oficina de Cooperación e Voluntariado

## 10. ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

1. Tras recibir o correo electrónico en que se notifique a aprobación da súa PCR por parte da UDC, as persoas candidatas deberán formalizar a súa aceptación ou renuncia á axuda nun prazo de **cinco días naturais**.

2. A aceptación ou a renuncia realizarase a través do formulario elaborado para tal fin pola OCV e enviado por correo electrónico ás persoas interesadas no momento en que se lles comunica a concesión.

## 11. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS TRAS A ESTADÍA

1. A persoa bolseira deberá participar activamente durante a súa estadía, e coa ferramenta electrónica que a OCV lle indique, para **difundir o seu traballo** mentres dure o PCR. A través desta ferramenta dixital, o alumnado comprométese a editar únicamente contidos referidos ao seu traballo coa ONG e/ou socio local.
2. A persoa bolseira deberá **realiza o curso presencial de formación específica** en proxectos de coñecemento da realidade organizado pola Oficina de Cooperación e Voluntariado.



3. Nun período máximo de 10 días naturais tras a realización da estadía, a persoa beneficiaria da bolsa PCR presentará na Oficina de Cooperación e Voluntariado a seguinte documentación:
    - a) A xustificación orixinal do desprazamento (preferentemente presentarase: factura do billete de avión e tarxetas de embarque, billete de tren, recibos de autoestrada, etc)
    - b) A xustificación orixinal da contratación do seguro de accidentes e enfermidade.
  4. A continuación, nun prazo de 20 días naturais tras a estadía deberá entregar a seguinte documentación:
    - a) Un pequeno informe final sobre as actividades realizadas, segundo o modelo que se lle facilitará pola Oficina de Cooperación e Voluntariado.
    - b) Documentación visual da súa estadía (fotografías ou vídeos en formato .JPG) e da súa participación no PCR.
- En todo o material que se xere das actividades que se desenvolvan no marco desta convocatoria deberá constar que se levaron a cabo coa axuda facilitada pola Oficina de Cooperación e Voluntariado da Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación da UDC, usando o logotipo correspondente.
- A Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC resérvase a posibilidade de editar materiais escritos ou dixitais co contido audiovisual entregado polas persoas bolseiras unha vez finalizada a súa estadía. As persoas beneficiarias da bolsa comprométense a ceder a propiedade de todo o material entregado á OCV como xustificación da estadía, que poderá facer uso deste para difundir a bolsa en calquera formato, indicando sempre a autoría.
- c) Cubrir unha enquisa de satisfacción ao regreso da estadía.
5. Participar nunha actividade de sensibilización que determinará a Oficina de Cooperación e Voluntariado, en que relatará a súa experiencia no terreo.

A Coruña, 16 de febreiro de 2018

A vicerreitora de Internacionalización e Cooperación

Pilar García de la Torre



**ANEXO I**  
**SOLICITUDE do ALUMNADO**

Nome e apelidos\_\_\_\_\_

DNI/NIE\_\_\_\_\_

Endereço\_\_\_\_\_

Cidade e código postal\_\_\_\_\_

Teléfonos\_\_\_\_\_

Correo electrónico\_\_\_\_\_@udc.gal

Data de nacemento\_\_\_\_\_

Formación académica\_\_\_\_\_

Outros estudos\_\_\_\_\_

Formación e experiencia no mundo da cooperación para o desenvolvimento\_\_\_\_\_

---

---

---

---

---

A Coruña, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018  
(assinatura)



**ANEXO II**  
**CURRÍCULO DO ALUMNADO**

*(En calquera das aliñas deste impreso poderá empregarse máis espazo se for preciso)*

**1. BREVE CURRÍCULO DO ALUMNADO**

**Datos persoais**

Primeiro apellido	Segundo apellido	Nome
Data de nacemento:		Nacionalidade:
Domicilio: rúa, número e piso		Localidade e provincia:
Teléfono/s de contacto:		Endereço de correo electrónico:

**Datos académicos**

Título académico	Curso actual

**Cursos de formación específica**

Denominación do curso	Organismo, entidade ou centro	N.º de horas

**Experiencia en voluntariado, campos de trabalho, movementos sociais ou asociativos**


**Idiomas**

--	--	--



**ANEXO III**  
**FORMULARIO DO PROXECTO**

(En calquera das alíneas deste impreso poderá empregarse máis espazo se for preciso)

**1. FICHA DESCRIPTIVA DO PCR****Título do PCR****ONG/Universidade  
colaboradora****Nome e apelidos****NIF/NIE****Correo electrónico****Escola ou  
Facultade****Tel.****Fax****Endereço para os efectos de notificación****Breve descripción do proxecto** (describa o proxecto en catro ou cinco liñas)**Data de inicio e finalización do proxecto****Data de inicio****Data de finalización****Importe total solicitado á OCV**

<b>Concepto</b>	<b>Importe</b>
Billete de avión	
Seguro da viaxe	

**Sinatura:**



## 2. DATOS BÁSICOS DO PCR

Título do PCR:

Lugar ou lugares de execución do PCR:

Duración do PCR:

Ambito de actuación do PCR (saúde, vivenda, educación, saneamento...):

Obxectivos xerais e específicos do PCR:

## 3. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES PCR

(utilice más espazo se for necesario)

## 4. CRONOGRAMA DE ACTIVIDADES (indique as datas de realización, os prazos, o comezo e a fin das actividades...)

(utilice más espazo se for necesario)



## 5. CARTA DE MOTIVACIÓN DO ALUMNADO



## ANEXO IV

## CARTA DE PRESENTACIÓN DA ONGD/Universidade

Don/dona, \_\_\_\_\_, con DNI/Pasaporte n.º \_\_\_\_\_ en calidad de \_\_\_\_\_, da entidade \_\_\_\_\_, con domicilio social en \_\_\_\_\_, cidade \_\_\_\_\_, código postal \_\_\_\_\_, CIF \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_ fax \_\_\_\_\_, correo electrónico \_\_\_\_\_.

Nome do proxecto \_\_\_\_\_. País \_\_\_\_\_.

## EXPÓN:

Que certifica a autenticidade de todos os datos que achegou e que asume a responsabilidade de lle proporcionar ao voluntario ou voluntaria información sobre as normas de seguridade do país de destino (manual e outros documentos relevantes da ONGD); de se facer cargo do aloxamento (sexa nunha residencia, apartamento, familia acolledora ou en calquera outro que cumpra as condicións mínimas de seguridade); e dos desprazamentos internos no país de destino do/da voluntario/a.

Alén diso, tamén se compromete a manifestar que o PCR é financiado pola Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña, empregando o logotipo da entidade, no caso de facer calquera tipo de difusión desta bolsa PCR.

## SOLICITA:

Que sexa admitida a candidatura de don/dona \_\_\_\_\_ para participar no proxecto de coñecemento da realidade (PCR) en \_\_\_\_\_ dentro do proxecto de cooperación denominado \_\_\_\_\_ que desenvolve coa contraparte local \_\_\_\_\_.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018  
(assinatura da persoa responsable e con representación legal da entidade peticionaria)



## ANEXO V

## DATOS DA ONG/Universidade E DA CONTRAPARTE LOCAL

<b>1. DATOS DA ONG/UNIVERSIDADE</b>			
<b>Nome</b>			
<b>Domicilio social</b>			
<b>Persoa de contacto</b>		<b>Teléfono</b>	
<b>Páxina web</b>		<b>Correo electrónico</b>	
<b>Rexistro Galego de Axentes da Cooperación</b>		<b>Fax</b>	
<b>2. DATOS DA CONTRAPARTE LOCAL</b>			
<b>Nome</b>			
<b>Domicilio social</b>			
<b>País</b>			
<b>Persoa de contacto</b>		<b>Teléfono</b>	
<b>Correo electrónico</b>			